



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Economía da saúde

Materia	Economía da saúde			
Código	V03G100V01919			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Rodríguez Míguez, Eva María			
Profesorado	Rodríguez Míguez, Eva María			
Correo-e	emiguez@uvigo.es			
Web	<a href="http://https://moovi.uvigo.gal/">http://https://moovi.uvigo.gal/</a>			
Descrición xeral	Os obxectivos desta materia son coñecer os principais problemas económicos asociados aos mercados sanitarios, así como as características dos principais sistemas sanitarios dende a súa vertente económica. Na segunda parte da materia amósanse os principais conceptos da avaliación económica en sanidade, así coma a súa aplicación empírica.			

## Competencias

Código	
CG2	Competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia
CG4	Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación
CG6	Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos
CE2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Comprender e aplicar os conceptos básicos no ámbito da economía da saúde.	CG6	CE2 CE6	
Coñecer e analizar o marco institucional no que se desenvolven os servizos sanitarios. Capacidade de analizar en que medida os sistemas sanitarios responden a diferentes medidas de resultados		CE3 CE8 CE12	CT7
Comprender e aplicar os principios básicos da avaliación económica en sanidade. Capacidade de comprender e valorar criticamente un estudio publicado de avaliación económica.	CG6	CE2 CE12	CT7
Capacidade de desenvolver un proxecto ou informe breve no ámbito da Economía da saúde traballando en equipo.	CG2 CG4 CG6	CE8	CT2 CT4 CT5 CT7

## Contidos

Tema
------

Bloque 1 Mercados e sistemas sanitarios	Economía e saúde A Produción de saúde A demanda de saúde e de coidados médicos A intervención pública no mercado sanitario Os sistemas sanitarios
Bloque 2 Avaliación económica de programas e tecnoloxías sanitarias	Principios e modalidades da Avaliación Económica Valoración dos custos Valoración dos resultados: medir saúde Criterios de decisión e aplicación á política sanitaria

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	60	90
Resolución de problemas	15	25	40
Traballo tutelado	5	15	20

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos da materia con especial énfase na participación dos alumnos.
Resolución de problemas	Resolución e valoración crítica de diferentes problemas e cuestións que complementan o exposto nas clases teóricas. Análise de datos que ofrecen as estatísticas relacionadas co contido da materia.
Traballo tutelado	Elaboración e exposición por parte do alumnado dun traballo curto, realizado en grupo, sobre algún tema relacionado coa economía da saúde.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	O alumnado recibirá atención personalizada para a realización das tarefas das clases prácticas.
Traballo tutelado	O traballo realizado por cada grupo será supervisado polo docente.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Lección maxistral	Os contidos da materia serán avaliados nun exame final. O alumnado poderá optar a liberar a materia con exames parciais.	50	CG6	CE3 CE6 CE12	
Resolución de problemas	A avaliación das clases prácticas se realizarán en función da calidade das tarefas realizadas. A participación na clase tamén será valorada.	30	CG2 CG4 CG6	CE8 CE12	CT5 CT7
Traballo tutelado	O traballo tutelado deberá ser exposto na clase. A valoración estará en función do contido, dos aspectos formais do mesmo e da exposición final realizada.	20	CG2 CG4	CE8	CT2 CT4 CT5 CT7

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Si se opta por avaliación continua, a nota final do curso será a suma ponderada de: nota media obtida nos dous exames parciais (cunha ponderación cada un do 25%), nota da resolución de problemas e análise de datos (30%) e nota do traballo tutelado (20%). Se o alumnado non acada un mínimo de 4 puntos sobre 10 no primeiro parcial deberá ir ao exame final con todo o contido da materia, ponderando un 50%. Se o alumnado non acada un mínimo de 4 puntos sobre 10 no segundo parcial ou no exame final, a nota final da materia non superará os 4 puntos. A data do segundo parcial coincidirá coa data do examen final.

Na convocatoria extraordinaria manterase as notas e a ponderación das clases prácticas e do traballo tutelado, pero deberán ir ao exame final con toda a materia. Se o alumnado non acada un mínimo de 4 puntos sobre 10 no exame, a nota final da materia non superará os 4 puntos.

Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o alumnado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. Na convocatoria de fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.

As datas oficiais dos exames finais da materia poderán ser consultadas na páxina web da Facultade <http://fccee.uvigo.es>

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

---

### **Bibliografía Básica**

Folland S, Goodman A C, Stano M, **The Economics of Health and Health Care**, Routledge, 2017

Prades J L, Martínez F, Perpiñán J M, **Métodos para la evaluación económica de nuevas prestaciones**, Ministerio de Sanidad y Consumo, 2003

Oliva J, Gonzalez B, et al, **Economía de la salud**, 1, Piramide, 2018

Drummond M F, Sculpher M J, Claxton K, Stoddart G L, Torrance G W, **Methods for the economic evaluation of health care programmes**, Oxford university press, 2015

---

### **Bibliografía Complementaria**

---

---

## **Recomendacións**

---

---

## **Plan de Continxencias**

---

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Utilización da plataforma docente para o acceso ao material docente e para a realización e entrega de exercicios.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

A clase presencial substitúese pola clase virtual a través do Campus Remoto.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As sesións de titorías realizaranse por medios telemáticos a través do correo electrónico, foros da plataforma docente ou videoconferencia no despacho virtual do campus remoto. Esta última modalidade baixo cita previa.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Os contidos non experimentarán variación.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

A bibliografía básica xa incorpora dous manuais con acceso electrónico libre.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

As probas de avaliación, en caso de non poder realizarse de forma presencial, adaptaranse da seguinte forma:

- Os exames de preguntas obxectivas faranse a través dos exercicios ou cuestionarios de Moodle. Ademais, mentres dure a proba, os estudantes deberán conectarse ao Campus Remoto con cámara.

- A avaliación das clases prácticas e da participación en clase realizarase a través de cuestionarios ou exercicios que serán entregados a través da plataforma docente, e da participación nas clases virtuales.

- A avaliación do traballo realizarase en función do traballo entregado na plataforma docente e da súa exposición a través do aula virtual.

Os alumnos que renuncien á avaliación continua poderán realizar un exame final na data oficial a través do Campus Remoto (con cámara) e a plataforma docente.

As ponderacións de cada unha das probas de avaliación manteranse sen cambios.

---